

## Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de setembro de 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:  
Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
José Pedro Cambón Fernández.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 10.00 horas do 14 de setembro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Pola alcaldía se procede á corrección de erro advertido na orde do día, no punto 7º, onde di: Modificación de licenza de segregación, debe dicir: Autorización de segregación.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 3 de agosto de 2017.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obra menor).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenzas de primeira ocupaci3n.
- 5º.- Modificaci3n de licenza de obra maior.
- 6º.- Licenza de obra maior.
- 7º.- Autorizaci3n de segregaci3n.

### **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 3 DE AGOSTO DE 2017.**

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 3 de agosto de 2017.

### **SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por ANA BELEN VIDAL BALIÑAS, con domicilio en Avda. Santa Minia 14, Bri3n, na que comunica que vai realizar obras de substituci3n das fiestras na súa vivenda en Avda Santa Minia 14, Bri3n.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por CONSTANTINO BARREIRO VAZQUEZ, con domicilio na Rúa Rep3blica Arxentina 31, Noia, na que comunica que vai realizar obras de reparaci3n da cuberta da vivenda de Piñeiro 19, Os Ánxeles, substituíndo os ganchos e parte da tella existente por outra nova, sen incrementar o volume actual da cuberta.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por JESUS BAAMEIRO BLANCO, con domicilio no Buido 6, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de reparaci3n da cuberta da vivenda de Buido 6, Os Ánxeles, de 130 m<sup>2</sup>, substituíndo as tellas existentes por outras novas, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Benigno Alfonso Fernández, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA DE NOIA 58, con domicilio na Avda da Mahía nº 24- Portal 1- Baixo- Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai realizar obras de reparación de baixante na parte traseira do edificio. Trátase de obras de escasa entidade para garantir as condicións de estanquidade, que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Alvite Antelo, que di actuar en representación de REFORVEN GALICIA S.L., con domicilio Portor 16, Negreira, na que comunica que vai construír un peche para delimitar as parcelas con referencias catastrais 6059707NH2466S0001XO e 6058102NH2465N0001JU, de maia electrosoldada de 1,5 metros de altura, en Villa Amalia, Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA MOLDES PAIS, con domicilio en Avda das Brañas 5, 1ªA, Negreira, na que comunica que vai realizar obras de construción dun muro na finca con referencia catastral 7145407NH1474N0001YT, en A Graña 26, Cornanda.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópanse dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Se o muro non é de pedra quedará convenientemente revestido e pintado e non superará a altura de 1,20 m. medidos desde a rasante natural do terreo. Sobre este poderá colocar reixa ata a altura total de 1,80 m. medidos desde o terreo.
- Se o muro é de pedra e construción tradicional, non superará a altura de 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DORA RODRIGUEZ SERRAMITO, con domicilio en Avda dos Ánxeles 20, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras interiores de acabados, pintura, pavimentos e sanitarios sen modificar as instalacións existentes, na vivenda da Avda dos Ánxeles 20, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana María Beiras Freire, que di actuar en representación de ANTONIO ALBERTO GONZALEZ MARIN, con domicilio en Avda de Vilagarcía 35, 2º, Santiago de Compostela, na que comunica que vai construír un peche na finca con referencia catastral 7036409NH2473N0001WM, en Perros, Os Ánxeles, concretamente na parcela C, resultante da segregación concedida na Xunta de Goberno Local do 15.11.2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- No fronte da parcela o peche da finca situarase como mínimo a 4 metros do eixe do camiño.
- O peche farase con elementos opacos convenientemente revestidos e pintados ata unha altura máxima de 1,20 metros medidos desde a rasante natural do terreo.
- Se o muro é de pedra con construción tradicional ou diáfano (arames) poderá ter unha altura máxima de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL MAR COBAS CAJUSO, con domicilio en Vilar 6, Viceso, na que comunica que vai realizar obras de reparación da cuberta da súa vivenda de Vilar 6, Viceso, substituíndo as tellas existentes por outras novas sen incrementar o volume da cuberta.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA MARIA VILAS FERNANDEZ, con domicilio en Soigrex 2, Bastavales, na que comunica que vai realizar obras de construción dun galpón agrícola, de 40 m<sup>2</sup>, para gardar apeiros de labranza, en Soigrex 2, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agropecuario, séndolle de aplicación en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016 o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o recuamento da construción aos lindes da parcela non sexa inferior a 5 m.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN FERNANDEZ GARCIA, con domicilio en Carballido 19, Ortoño, Ames, na que comunica que vai realizar obras de reparación da cuberta da vivenda do Cabo, Os Ánxeles, substituíndo a tella existente por outra nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación en base á disposición transitoria 1ª.2.b) da Lei 2/2016 o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por EDUARDO JOSE DIAZ GONZALEZ, con domicilio en Urbanización Monte Devesa 36, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obras para

colocar un tubo de 6 metros na cuneta e facilitar o acceso á finca con referencia catastral 6538404NH2463N0001YL, en Sanín, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2), para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A sección dos tubos de formigón será de 40 cm.
- Os extremos do tubo serán accesibles.
- Deberá repoñer ao seu estado previo o tramo de viario municipal afectado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por OSCAR CASTRO SILVA, con domicilio en Guisande 20, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obras para colocar 3 tubos de formigón na cuneta e facilitar o acceso á finca con referencia catastral 6531403NH2463S00011R, en Guisande, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2), para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A sección dos tubos de formigón será de 40 cm.
- Os extremos do tubo serán accesibles.
- Deberá repoñer ao seu estado previo o tramo de viario municipal afectado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por ANTONIO NIETO ORO, con domicilio en lugar de Guisande 6, Os Ánxeles, na que solicita licenza para pintar o exterior da vivenda de Guisande 6, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 2 de agosto de 2017 (expediente 1050/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Que se manteñan as cores actuais da vivenda ou se utilicen gama de cores claros non rechamantes.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE RODRIGUEZ GOMEZ, con domicilio en Vioxo de Abaixo 13, Luaña, na que solicita licenza para reparar a cuberta da vivenda de Vioxo de Abaixo 13, Luaña, substituíndo a tella existente por outra nova e reparar a cheminea.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 10 de agosto de 2017 (expediente 1126/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE MIGUEZ GONZALEZ, con domicilio en Mourentáns 35, Viceso, na que solicita licenza de obra para reparar a cuberta da vivenda de Mourentáns 35, Viceso, substituíndo a tella actual por tella nova, sen incrementar o seu volume, e colocar canalóns de aluminio para a recollida de augas.

A parcela onde se pretende executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 25 de agosto de 2017 (expediente 1327/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o tipo de tella a empregar sexa tella cerámica curva.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para obras de subministro de enerxía eléctrica, mediante rede de baixa tensión subterránea, desde o centro de transformación ata a CPM do petionario, nunha lonxitude de 188 metros, no lugar do Cabo, Os Ánxeles, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Bernal López, con visado núm. 20171897, do 31.07.2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 1.001,15 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para obras de subministro de enerxía eléctrica, mediante rede de baixa tensión subterránea, desde o centro de transformación ata a CPM do petionario, nunha lonxitude de 160 metros, no lugar do Outeiro, Os Ánxeles, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Bernal López, con visado núm. 20171896, do 31.07.2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 304,66 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **CUARTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JESUS CAPEANS GOMEZ, con domicilio en Lago 8, Os Ánxeles, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Lago 8, Os Ánxeles.

Con data 02/09/2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Jesús Capeáns Gómez, para ampliación da vivenda.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto José Luis Estevez Suarez, visado polo

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do 27/06/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA AMPARO BUJAN LOPEZ, con domicilio no Outeiro 40, Os Ánxeles, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada no Outeiro 40, Os Ánxeles.

Con data 23/06/2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a María Amparo Buján López e Laura Pazos Pintor para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra dos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco X. Liñares Túñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10/03/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIO CAL VARELA, con domicilio en Guitiande 57, Os Ánxeles, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Guitiande 57, Os Ánxeles.

Con data 12/05/2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Mario Cal Varela e Lucia Iglesias Da Cunha para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos da Coruña do 06/06/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por DAVID ANICETO FERREIRO, con domicilio en Bastavaliños 2, Bastavales, na que solicita modificación da licenza concedida en Xunta de Goberno Local o 04/04/2016, para construír unha vivenda unifamiliar en Bastavaliños 44, Bastavales, segundo proxecto modificado básico e de execución redactado polo arquitecto David Montes Pose, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20/03/2017 e documentación complementaria presentada o 24/05/2017 (r.e.2283), visado o 22/05/2017.

As modificacións consistirán na redución da planta alta e a construción dunha planta semisoto, reducindo a superficie construída e o orzamento e variando o volume e a configuración exterior da edificación.

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da autorización do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 31 de xullo de 2017 (expediente núm. 115/16), acorda por unanimidade conceder a licenza para a modificación solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto David Montes Pose, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20/03/2017 e documentación complementaria presentada o 24/05/2017 (r.e.2283), visado o 22/05/2017.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito

ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANGELES RAÑA MAROÑAS, con domicilio en Avda dos Ánxeles 34A, Os Ánxeles, para construír unha vivenda unifamiliar en Guitiande 70, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03/05/2017 e documentación complementaria presentada no concello o 02/08/2017 (r.e.3313).

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro da área de expansión do núcleo rural tradicional da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 27 de decembro de 2016 (expediente 2363/16), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03/05/2017 e documentación complementaria presentada no concello o 02/08/2017 (r.e.3313).

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 44,60 m<sup>2</sup> para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 8 de setembro de 2017.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **SÉTIMO.- AUTORIZACIÓN DE SEGREGACIÓN.**

Visto o proxecto de segregación confeccionado pola arquitecta municipal para segregar a porción de terreo de titularidade municipal incluída dentro da parcela nº 822 de concentración parcelaria de Bastavales, que se corresponde coas referencias catastrais 7102619NH2470S0001OE e 7102620NH2470S0001FE, e sobre a cal a Xunta de Goberno Local o 11/04/2017 concedeu licenza de segregación a Manuel Gosende Rivas e a Ana María Gosende Rivas.

O obxecto do proxecto é segregar a porción de titularidade municipal na que se atopa a Fonte e Lavadoiro do Souto de Coruxido ( incluída no Inventario municipal do concello co núm. 1.320.814), erroneamente incluída dentro da parcela núm. 822 da concentración parcelaria de Bastavales.

Descrición da parcela matriz:

Finca 822 do plano de concentración parcelaria de Bastavales.

Referencias catastrais: 7102619NH2470S0001OE e 7102620NH2470S0001FE

Superficie rexistral: 7.618 m<sup>2</sup>.

Superficie segundo medición recente: 7.618 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural consolidado pola edificación (NRL-1).



Lindes:  
Norte: parcela 821 de Manuel Gosende Cornes.  
Sur: Camiño, José Lens Lens (823) e Camilo Calviño López (824).  
Leste: Camiño.  
Oeste: zona excluída.

Segregación pretendida:

Parcela A  
Referencia catastral: 7102619NH2470S0001OE  
Superficie catastral: 7.213 m<sup>2</sup>.  
Superficie medición recente: 7.568 m<sup>2</sup>.  
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-1).

Lindes:  
Norte: Manuel Gosende Cornes (821).  
Sur: camiño, José Lens Lens (823), Camilo Calviño López e parcela B.  
Leste: camiño.  
Oeste: zona excluída.

Parcela B  
Incluída no Inventario municipal do Concello de Brión co núm. 1.320.814.  
Referencia catastral: 7102620NH2470S0001FE.  
Superficie catastral: 60 m<sup>2</sup>.  
Superficie segundo medición recente: 50 m<sup>2</sup>.  
Lindes:  
Norte: parcela A.  
Sur: camiño.  
Leste: parcela A.  
Oeste: parcela A.

Edificación existente: Fonte e Lavadoiro do Souto de Coruxido, incluído no Inventario municipal do Concello de Brión co nº 1.320.814, coa seguinte descrición:

“ Lindes: norte, leste e oeste, Marina Rivas Golán; sur, camiño. Fonte de pedra moi antiga. O lavadoiro ten unhas dimensións de 4x4m. A auga nace no lugar. Desauga, para regadío, na finca de Marina Rivas.

No ano 2006 a través do programa de “Fomento do Emprego 2006” acondicionáronse o lavadoiro coa: reparación de pavimentos, limpeza e reparación da fonte, cubrir a cuberta con tella e pintar e impermeabilizar o vaso do lavadoiro.

Referencia catastral: 7102620NH2470S0001FE”

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, autorizar a segregación referenciada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 10.20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González